

## CONCRECIÓN CURRICULAR PARA PROENS

### a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A **Educación Secundaria Obrigatoria** contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que les permitan:

- a) Asumir responsablemente seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercizo da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexucios de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.
- f) Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos de coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na lingua galega, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

O **Bacharelato** contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como por los derechos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez personal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou creencias, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a lingua galega.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto hacia o medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecero benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar atitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.

## **b) A contribución á adquisición das competencias**

Garantir unha formación adecuada pasa por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias, e que sexa, por unha parte equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias e á tecnoloxía e á actividade física e, por outra, na medida en que avanza a escolaridade, que poida ir proporcionando a formación básica imprescindible para seguir formándose.

Así, en cada unha das programacións das diferentes materias, indícase no apartado segundo, a contribución de cada unha destas materias á adquisición das competencias clave, que son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión culturais.

## **c) Os criterios para incorporar elementos transversais**

Traballaranse nas diferentes materias a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Para o establecemento dos principios metodolóxicos xerais que servirán de guía á acción do profesorado deste centro será preciso ter en conta que calquera situación de ensino-aprendizaxe está sometida a unha serie de aspectos entre os que podemos destacar:

- A idade e a etapa de desenvolvemento na que se atopa o noso alumnado.
- A adolescencia, época de importantes cambios, tanto físicos como psicolóxicos.
- A heteroxeneidade dos diferentes grupos.
- A súa diversidade respecto aos intereses, motivacións, necesidades e características persoais.
- Os coñecementos previos dos que partimos. O grao de motivación e interese polo estudo.
- A experiencia e personalidade do profesorado.
- Os recursos, tanto materiais como humanos, dos que dispoñemos.

Tendo en conta o sinalado, acéptase unha liña metodolóxica ampla, variada e que admite unha amplitude e complementariedade de diversos métodos. Principios xerais:

- Procura dun enfoque metodolóxico integrador, que favoreza a utilización duns métodos ou outros en función das necesidades dos diferentes momentos da etapa, das distintas tarefas e situacións, da diversidade do alumnado e dos diferentes tipos de agrupamentos.
- Impulsarase o uso de métodos que favorezan a interactividade, tanto entre o profesorado e o alumnado, como dos alumnos e alumnas entre si. Así, unha das metodoloxías básicas que se poden utilizar serán os grupos de traballo cooperativo.
- Partirase do principio de individualización do ensino, tentando sempre responder de xeito individual ás necesidades educativas que presente cada alumno e alumna, e a atención á diversidade será a máxima que debe rexer toda a actividade educativa do centro.
- Prestarase especial atención ao desenvolvemento do alumnado que presente necesidades educativas específicas que sexa escolarizado no Centro, favorecendo a posta en marcha das medidas de atención oportunas e da formación continua do profesorado neste ámbito.
- Basearase na construtividade, o que implica que tentaremos que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo, partindo do seu nivel de coñecementos e de desenvolvemento e favorecendo unha intensa actividade mental.
- Favorecerase a funcionalidade das aprendizaxes, tanto no relativo á súa aplicación na vida e realidade achegada ao alumnado, como no uso de estruturas que sirvan para a adquisición de novas aprendizaxes.
- O profesorado será un mediador entre a estrutura lóxica da materia e a estrutura psicolóxica do alumnado. Será igualmente un guía na construción de aprendizaxes significativas que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.
- Fomentarase no alumnado unha actitude de curiosidade, crítica e investigadora que se converterá na base da súa formación e da adquisición de novas aprendizaxes. A realidade máis próxima do alumnado será o punto de partida da actividade educativa, co fin de acadar a inserción dos alumnos e das alumnas no contorno social no que viven, e co obxecto de favorecer a súa transición á vida activa e a súa inserción tanto educativa como laboral futuras.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

### **ESO**

O noso centro forma parte do Proxecto Edixgal, polo que, nas materias E-Dixgal os materiais e recursos son os que proporciona a plataforma Eva-Edixgal enriquecidos polos materiais elaborados polo profesorado.

Nas materias non integradas no proxecto E-Dixgal, serán os departamentos os que fixen nas súas programacións os materiais e recursos necesarios.

### **Bacharelato**

Na etapa posobrigatoria, os Departamentos didácticos deciden se fixan libro de texto ou traballan con material propio.

No caso de usar o libro de texto, este é decidido no Departamento baixo criterios pedagóxicos e o seleccionado queda vixente durante seis anos.

Por outra banda, se se traballa con material propio, este estará dispoñible na aula virtual do centro.

Todas as aulas teñen acceso a internet, constan de pizarra dixital, pantalla táctil e ordenador do profesorado.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade**

Tendo en conta que os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas normas que a desenvolven no IES Frei Martín Sarmiento usarase esa autonomía para organizar a oferta educativa das materias de maneira flexible seguindo un criterio pedagóxico.

Despois das decisións adoptadas na CCP e validadas no claustro, así como tendo en conta as solicitudes do alumnado no momento da matrícula, as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 1º da ESO. Neste curso hai, ademais, dúas horas de Libre disposición que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora a reforzo de Matemáticas e 1 hora a reforzo de Lingua Castelá e Literatura. Esa hora será impartida polo/a profesor/a titular de cada materia nos diferentes grupos.

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 3º da ESO. Dentro das materias optativas, neste curso impártense as de Educación Dixital, Oratoria e Francés como segunda lingua estranxeira.

Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, as materias optativas agrúpanse de forma que se poida orientar ao alumnado tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

A distribución das materias en bloques ten un carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios, establecendo combinacións cuxas materias senten os coñecementos precisos de caras modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, como para a incorporación á vida laboral.

No caso do curso de primeiro de Bacharelato, no IES Frei Martín Sarmiento impártense as seguintes modalidades:

- a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.
- b) Artes ,na vía de Música e Artes Escénicas.
- c) Ciencias e Tecnoloxía.
- d) Humanidades e Ciencias Sociais.

No artigo 10 do DECRETO 157/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 1º de Bacharelato. No caso deste curso, ofértanse as seguintes materias de modalidade: Debuxo Artístico I, Análise Musical I, Matemáticas I, Latín e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. Dentro das materias de opción, impártense as seguintes: Cultura Audiovisual, Proxectos Artísticos, Volume, Coro e Técnica Vocal I, Linguaxe e Práctica Musical, Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Debuxo Técnico I, Física e Química, Tecnoloxía e Enxeñaría I, Economía e Historia do Mundo Contemporáneo. Como materias optativas: Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Segunda lingua estranxeira (Francés) e Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Todas as actividades extraescolares e complementarias deberán respectar os principios lexislativos de voluntariedade para o alumnado, ausencia de lucro e non discriminación.

Deberán incidir nos obxectivos educativos relativos ao último dos principios referidos no parágrafo anterior: a non discriminación por xénero, situación económica ou procedencia, ademais de posuír un carácter claramente inclusivo.

Deberán ademais, tratar sobre algúns dos contidos transversais propostos na lei: educación e conciencia cidadá, respecto polas diferencias culturais, perspectiva de xénero e sostenibilidade medioambiental.

Fomentarase a interdisciplinaridade sempre que sexa posible. Intentarase, deste xeito, implementar un dos obxectivos primordiais da LOMLOE: o traballo por proxectos e a relación entre diversas materias.

Toda actividade extraescolar deberá levar asociado un *feedback* de avaliación, concretado nunha valoración da actividade en termos de interese, valor educativo e de conciencia social e cidadá.

Fomentarase a crítica respectuosa e produtiva da actividade, coa fin de mellorar o espírito crítico do alumnado.

Por último, procurarase a participación na xestión das actividades por parte do alumnado, tanto no que se refire á súa opinión previa sobre a idoneidade das mesmas como á súa participación na organización das actividades, sempre que isto sexa posible.

**h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

De acordo coa *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O modelo atotado é o proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Resultados académicos do curso anterior.
- c) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual.
- d) Plan específico de recuperación de cada unha das materias.
- e) Criterios de cualificación.
- f) Seguimento e resultados obtidos nos diferentes trimestres.
- g) Información á familia do Plan Personalizado.

Serán os Departamentos os que decidan que docente se ocupará de cada nivel (o que imparte a materia no curso pendente ou o que imparte docencia no curso actual). Neste caso será de aplicación o disposto no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

O plan de pendentes elaborado polo profesorado deberá seguir directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O plan debe ser deseñado na primeira quincena de setembro.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

**i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

De acordo coa *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O modelo adoptado é o proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Resultados académicos do curso anterior.
- c) Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe
- d) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual.
- e) Profesionais que participan no plan específico de recuperación para o alumnado repetidor.
- f) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación negativa).
- g) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación positivas).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

**j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do *DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Criterios xerais sobre procesos e procedementos da avaliación

1. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.



2. A Avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, redactarase os criterios de cualificación de xeito claro e sen ambigüidades e explicaranse ao alumnado a comezo de curso.
4. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
5. Propostas de mellora: as sesións de avaliación deben servir para analizar os resultados do alumnado e para realizar propostas para a mellora dos resultados do alumnado.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DA ESO**

### **Promoción na ESO**

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademáis de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. Preferiblemente estas deben ser materias sen continuidade no curso seguinte e que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
  - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. (Pasou por algunha circunstancia ou feito traumático que lle impediu acadar unha avaliación positiva, a cal alcanzaría con seguridade de darse outras circunstancias. Para cumprir esta condición será necesario que teña avaliación negativa como máximo en 3 materias das que estea matriculada/o.
  - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. (Continuar co seu grupo de referencia vai ser beneficioso para a súa formación).

Para cumprir esta condición será necesario que teña como máximo una competencia con cualificación negativa.

### **Titulación na ESO**

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. Para cumprir esta condición será necesario que teña como todas as competencias con cualificación positiva.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para cumprir esta condición será necesario que teña cualificación negativa como máximo en dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DE BACHARELATO**

### **Promoción no bacharelato**

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivese na avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

### **Titulación no bacharelato**

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademáis todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considerase inasistencia continuada cando a alumna ou alumno supere un 10% de faltas non xustificadas na materia (tal e como recollen as NOF do centro) e segundo o “Protocolo de absentismo” de Consellería de Educación. (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia) ao remate das actividades lectivas en 2o de bacharelato

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. Polo tanto, os departamentos deberán recoller na súa programación didáctica cales son as “actividades necesarias”, tendo en conta os mínimos establecidos na devandita programación.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as

materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

#### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

##### **Matrícula de honra en 4º ESO**

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

4. En caso de empate no noso centro teranse en conta as notas polo seguinte orde:

- a) Maior nota media na etapa.
- b) Maior nota media no 4º ESO.
- c) Maior número de 10, 9, 8... no 4º ESO

##### **Matrícula de honra en bacharelato**

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En caso de empate no noso centro teranse en conta as notas polo seguinte orde:

- 1º A nota media máis alta en 1º de bacharelato.
- 2º A nota media máis alta de toda a etapa.

3º A nota media máis alta en 2º de Bacharelato ponderada segundo as horas de cada materia.  
4º De persistir o empate, terase en conta o número de decas, noves, oitos, e/ou setes obtidos no segundo curso.

**l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

A elaboración das programacións didácticas PROENS será responsabilidade do profesorado que imparte a materia e, no caso de ser varios os profesores/as que a imparten nun mesmo curso elaboraranse de forma conxunta e acordada polo profesorado implicado. Unha vez elaboradas serán revisadas pola persoa titular da xefatura do departamento correspondente antes de pasala á revisión por parte do equipo directivo e remisión a inspección educativa.

A programación ou o resumo para o alumnado e familias será publicado a través da web do instituto.

**m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

A comezo de curso o equipo directivo informará dos posibles proxectos, plans e programas nos que pode participar o profesorado e o alumnado. Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias dos departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Unha vez analizados estes proxectos nos departamentos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

**n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A revisión da concreción curricular deberá ser anual, tendo en conta as memorias de final de curso de cada un dos departamentos e do centro. Así mesmo, poderá ser revisada a proposta de membros da comunidade educativa, comunicada no seo dos órganos colexiados do centro como son o claustro de profesores, comisión de coordinación pedagóxica e consello escolar.

Para a avaliación da concreción curricular, propónse como indicadores de logro, os seguintes:

- Resultados da avaliación do curso en cada unha das materias, por curso e grupo.
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados.
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas á mellora dos resultados obtidos.

A modificación da concreción curricular estudarase a proposta dos representantes dos diferentes sectores da comunidade educativa, tras a avaliación da mesma segundo os criterios

mencionados anteriormente e sempre a comezo de cada curso xunto coa elaboración das programacións de cada unha das materias e grupos.